

Si a la prevención dá resultado

DI SI A PRESERVATIVOS, PREP, PPE E PROBAS DIAGNÓSTICAS. DÁ SEGURIDADE

- ▶ Os homes gays, bisexuais e outros homes que teñen sexo con homes **supoñen máis da metade das persoas diagnosticadas do VIH anualmente.**
- ▶ Dos que foron diagnosticados do VIH en 2020, un 12,7 % tiña máis de 50 anos. **A metade destes soubo o seu diagnóstico demasiado tarde,** polo que presentaban unha maior deterioración do sistema inmunitario e máis risco de ter complicacións graves polo VIH.
- ▶ En comparación con persoas máis novas, os datos indican que **as persoas de máis de 50 anos se realizan a proba do VIH con menos frecuencia.**
- ▶ **Pódese ter o VIH ou outras ITS e non sabelo.** Fai as probas do VIH e doutras ITS polo menos unha vez ao ano. Se hai maior risco de exposición, aumenta a frecuencia das probas, cada seis ou cada tres meses. [MÁS INFORMACIÓN](#)
- ▶ Para xestionar o teu pracer de forma máis segura, **tes ao teu alcance un abano de estratexias.**



Preservativo máis lubricante

O preservativo é unha forma eficaz de protección fronte ao VIH e outras infeccións de transmisión sexual.

É importante respectar a data de caducidade, que estea homologado, non gardalos en sitios que teñan temperaturas elevadas e ter coidado de non rompelos ao abrir o envoltorio.

[MÁS INFORMACIÓN](#)

Profilaxe preexposición (PrEP)

É unha estratexia preventiva que se basea na toma planificada e habitual de fármacos antirretrovirais para previr a infección polo VIH.

Esta medida recoméndase en persoas cuxo risco de infección por este virus sexa elevado e demostrou ser unha medida útil e segura de prevención se se toma de forma correcta.

[MÁS INFORMACIÓN](#)



Profilaxe postexposición (PPE)

É unha medida de prevención secundaria dirixida a evitar o desenvolvemento da infección polo VIH tras unha exposición de risco, por vía sexual ou parenteral.

A PPE é efectiva se se inicia dentro das 72 horas, e preferiblemente antes das 6 horas, tras a exposición de risco.

[MÁS INFORMACIÓN](#)

O tratamento antirretroviral se tes VIH

A toma correcta do tratamento antirretroviral nas persoas que teñen o VIH fai que, pasados uns meses, a súa carga viral sexa indetectable.

[MÁS INFORMACIÓN](#)

